

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 07 DE XULLO DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Sete de Xullo do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 30/06/2022.

2.- DACIÓN DE CUENTA DEL DECRETO 202206/421

Se da cuenta a la Junta de Gobierno Local del Decreto del Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de fecha 29/06/2022 "Decreto: APROBACIÓN DEL PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA PARA LA GESTIÓN DE FONDOS NEXT GENERATION EU"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/453

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/06/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO "SERVIZO DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DEPENDENTES DO CONCELLO DE RIBEIRA (A TRINIDADE-OLEIROS E A GUÍA-CARREIRA).""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/455

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/06/2022 "Decreto: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN BRAÑA DO MURO (AGUIÑO)""

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/456

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/06/2022 "Decreto: EXCLUSIÓN DO LICITADOR CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN O SEGUINTE CLASIFICADO, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO EN RÚA DA CHOUZA (CASTIÑEIRAS)""

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202206/457

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 30/06/2022 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE "REPARACIÓN, MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE VÍAS E ESPAZOS DE USO PÚBLICO DO CONCELLO DE RIBEIRA""

7.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/010

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/07/2022 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN AVENIDA DA PAZ (PALMEIRA)""

8.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/011

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/07/2022 "Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO



PROXECTO DENOMINADO “SANEAMENTO, PAVIMENTACIÓN E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE FRIÓNS (CARREIRA)””

9.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/012

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/07/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN, PLUVIAIS E SANEAMENTO NAS RÚAS CHAPRADO E CEBOLEIRA (CORRUBEDO)””

10.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202203/013

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/07/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE SAMPEDRO (PALMEIRA)””

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/014

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 01/07/2022 “Decreto: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DAS REDES DE AUGA POTABLE E PLUVIAIS NA RÚA CELSO EMILIO FERREIRO (AGUIÑO)””

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202207/048

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 04/07/2022 “Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DA ESCULTURA DE MANUEL AYASO DIOS”

13.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE (Praia Ladeira)– Grupo Bacoga Galicia, S.L.

Visto o escrito presentado por José Valiño Mourelle en representación de **Grupo Bacoga Galicia, S.L.**, de data 14/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.353), no que solicita autorización para a instalación dun posto (vehículo móbil) de venda de xeados (5.00 m. lineais), na tempada de verán, situado na zona de estacionamento da Praia da Ladeira (Corrubedo).



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Grupo Bacoga Galicia, S.L.** para a instalación dun posto (vehículo móbil) de venda de xeados (5.00 m. lineais), na tempada de verán, situado na zona de estacionamento da Praia da Ladeira (Corrubedo).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

14.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE (Praia Coroso)– Grupo Bacoga Galicia, S.L.

Visto o escrito presentado por José Valiño Mourelle en representación de **Grupo Bacoga Galicia, S.L.**, de data 14/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.350), no que solicita autorización para a instalación dun posto (vehículo móbil) de venda de xeados (5.00 m. lineais), na tempada de verán, situado na zona de estacionamento do camping da Praia de Coroso (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Grupo Bacoga Galicia, S.L.** para a instalación dun posto (vehículo móbil) de venda de xeados (5.00 m. lineais), na tempada de verán, situado na zona de estacionamento do camping da Praia de Coroso (Palmeira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

RELACIÓN DE OBRAS INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 28.06.2022:

12276	27.06.2022 JOSÉ JUAN GARCÍA GARCÍA, limpeza de tejado, en rúa Padre Sarmiento, 8, Ribeira.
9926	27.05.2022 ADELAIDA ARIAS RIVAS, cambio de tejado, en Carballal, 2, Palmeira.
9951	27.05.2022 ASESORIA BENY GARCÍA, S.L., mantenimiento y sustitución de canalones, en rúa de Galicia (edif. Bajo Galp Butano), Ribeira.
10072	30.05.2022 SERVIUM SISTEMAS S.L., limpeza de fachada y canalones, en Praza dos Mariñeiros, 8, Ribeira.
10199	01.06.2022 JOSÉ DIAZ MARIÑO, construír porche en rúa Buenos Aires, 54, Corrubedo.



RELACIÓN DE OBRAS INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 30.06.2022:

9915	26.05.2022 PEDRO SIEIRA OLVEIRA, cambiar teja, Salmón, 21.
10210	01.06.2022 ELISA MARY GARCÍA FERNÁNDEZ, retirar piedras, poner postes e instalar portal, en Parte al río, 58, Carreira.
11854	20.06.2022 M ^a . MANUELA TEIRA PILLADO, limpeza de fachada en rúa Alcalá Galiano, 2, esquina con rúa Rosalia de Castro, Ribeira.
10339	03.06.2022 JOSÉ ANTONIO PAZ RECAMAN, cerramiento con estructura ligera en terraza, Touro, 1, edif. Fontán, portal 4-1º-A, Ribeira.

16.- LICENZA MUNICIPAL para DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE E CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. LUGAR: RÚA DAS AMÉRICAS, 35, AGUIÑO, RIBEIRA. PROMOTORES: DIANA SOBRIDO REY - IVÁN PÉREZ MONTEAGUDO

VISTA a solicitude de **licenza urbanística** presentada por **Dna. Diana Sobrido Rey e D. Iván Pérez Monteagudo**, rexistrados de entrada os días 24 e 26 de novembro de 2021, (Rexistros de entrada nº 21.069, 21.240), mediante os que solicita licenza de obras para demolición de edificación existente e construción de vivenda unifamiliar de planta baixa, na Rúa das Américas nº 35, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8683906MH9088S0001TP achegándose Proxecto Básico de novembro de 2021 así como informe de antigüidade de hórreo existente redactados por D. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe** emitido polo **arquitecto técnico en tarefas de asesoramento á Corporación** o día **21 de decembro de 2021**, **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **26 de xaneiro de 2022**, o **contrato de cesión** asinado o día **28 de xuño de 2022** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de 35,40 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, o **informe** emitido polo **técnico de administración xeral** de data **30 de xuño de 2022** e o **secretario xeral da Corporación** de data **4 de xullo de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna. Diana Sobrido Rey e D.Iván Pérez Monteagudo**, **LICENZA DE OBRAS (Nº 19/22)** para **DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN EXISTENTE e POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** na Rúa das Américas nº 35, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8683906MH9088S0001TP, nos termos do Proxecto Básico de novembro de 2021 así como informe de antigüidade de hórreo existente redactados polo Sr. Juan Millán Figueirido, (arquitecto col. nº 3.183):

- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá depositar nas arcas municipais unha **fianza de 1.028,02 €** en metálico ou mediante aval bancario para responder polos servizos urbanísticos a completar.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**.



SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*

Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro*



Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

17.- LICENZA MUNICIPAL para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO E PLANTA BAIXA (PROXECTO DE EXECUCIÓN licenza de obra nº 32/21). LOCALIZACIÓN: LUGAR DE LIXÓ, SAN MARTIÑO, OLEIROS, RIBEIRA. PROMOTORES: LAURA QUEIRUGA TORRES-LEANDRO CONDE FURELOS.

VISTA o escrito presentado **Dña.Laura Queiruga Torres e D. Leandro Conde Furelos**, rexistrado de entrada na 4 de abril de 2022, (Rexistro de entrada nº 6.330), mediante o que se presenta **PROXECTO DE EXECUCIÓN** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de febreiro de 2022 redactado por **D. Manuel González González**, (arquitecto col. nº 3.145).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto técnico en tarefas de asesoramento a esta Corporación** con sinatura dixital de día **26 de maio de 2022**, **informe do técnico de administración xeral** adscrito ó Departamento de Urbanismo de **1 de xullo de 2022** e **secretario xeral da Corporación** de **4 de xullo de 2022**, **considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,**

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da **licenza de obra nº 32/21**, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 20 de decembro de 2021 a **Dña.Laura Queiruga Torres e D. Leandro Conde Furelos**, consistente en **PROXECTO DE EXECUCIÓN** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 18 de febreiro de 2022 redactado por **D.Manuel González González**, (arquitecto col. nº 3.145):

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde.***

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:



Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Deberá presentar coa solicitude de licenza de primeira ocupación a acta de conformidade emitida pola Deputación da Coruña como titular da estrada en relación á correcta implantación, segundo o disposto na resolución favorable do Servizo Provincial.
- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.



- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

18.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN FIANZA – Juan Romano Crujeiras

Visto o escrito presentado por **Juan Romano Crujeiras**, de data 12/05/2022 (Rexistro de entrada nº 9.171), no que solicita a devolución de fianza depositada pola finalización de obra de construción de vivenda unifamiliar (Lic. Obra nº 56/13), situada en lugar de Martín, 1 D (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 27/06/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución da fianza depositada por **Juan Romano Crujeiras** pola realización de obra de construción de vivenda unifamiliar (Lic. Obra nº 56/13), situada en lugar de Martín, 1 D (Ribeira); polo importe de 7.381,47 €.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Tania Abreu Fernández

Visto o escrito presentado por **Tania Abreu Fernández**, de data 28/06/2022 (Rexistro de entrada nº 12.357), no que solicita información urbanística en relación á edificación sita na Rúa Doctor Torres nº 9, Baixo-B, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3341404NH0134S0007SX.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 01/07/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa Doctor Torres nº 9, Baixo-B, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 3341404NH0134S0007SX.



20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio José Arca Soler

Visto o escrito presentado por **Antonio José Arca Soler**, de data 05/07/2022 (Rexistro de entrada nº 12.887), no que solicita información urbanística en relación á edificación sita no lugar de Salmón nº 62, Oleiros, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A039011640000KX.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/07/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administracións, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita no lugar de Salmón nº 62, Oleiros, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A039011640000KX.

21.- LICENZA de primeira ocupación de VIVENDA UNIFAMILIAR (LICENZA DE OBRA Nº 235/10 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 09/09/2010). LUGAR: LUGAR DE TEIRA, CORRUBEDO (RIBEIRA). PROMOTOR/A: MARÍA DE LOS ÁNGELES GARCÍA DOMÍNGUEZ

VISTA a solicitude de **licencia de primeira ocupación** presentada por Dña. Mª de los Ángeles García Domínguez para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira construída ao amparo da licenza nº 235/10 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de setembro de 2010, sita no lugar de Teira, Corrubedo, Ribeira en parcela con refª catastral nº 15074A019007710000KT, de acordo coas determinacións do **Estado Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 19 de abril de 2012, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 30 de maio de 2017, asinados polo Arquitecto D. Francisco Calvo Pérez e polo Arquitecto Técnico D. José Ramón Boo Pego, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Suministro por parte da Comunidade de Usuarios de Agua de Corrubedo** de data 27 de decembro de 2021.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes técnicos favorables** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación, o informe emitido con data **7 de xuño de 2022** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **23 de xuño de 2022** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dña. Mª de los Ángeles García Domínguez **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira construída ao amparo da licenza nº 235/10 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 9 de setembro de 2010, sita no lugar de Teira, Corrubedo, Ribeira en parcela con refª



catastral nº 15074A019007710000KT, de acordo coas determinacións do **Estado Final de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 19 de abril de 2012, **Certificación Final de Obra** con dilixencia favorable do polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e visado polo Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 30 de maio de 2017, asinados polo Arquitecto Sr. Francisco Calvo Pérez e polo Arquitecto Técnico Sr. José Ramón Boo Pego, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Certificado de Suministro por parte da Comunidade de Usuarios de Agua de Corrubedo** de data 27 de decembro de 2021

SEGUNDO.-Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

TERCEIRO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

22.- VAO PERMANENTE – María Dolores Ramos Pérez

Visto o escrito presentado pola **María Dolores Ramos Pérez**, de data 22/06/2022 (Registro de entrada nº 12.070), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vilar, nº 44 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/06/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a María Dolores Ramos Pérez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vilar, nº 44 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.
 - b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da*



beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

23.- VAO PERMANENTE – Juana Lema Ageitos

Visto o escrito presentado pola **Juana Lema Ageitos**, de data 30/06/2022 (Rexistro de entrada nº 12.564), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Falcato (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/06/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Juana Lema Ageitos Pérez**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Falcato (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

24.- VAO PERMANENTE – Raquel Vaquero Rodrigo

Visto o escrito presentado pola **Raquel Vaquero Rodrigo**, de data 29/06/2022 (Rexistro de entrada nº 12.482), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Rinchador, nº 8 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/06/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Raquel Vaquero Rodrigo**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.), con pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Rinchador, nº 8 (Corrubedo), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega das pracas de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



25.- SOLICITUDE REGULACIÓN DO TRÁFICO NA RÚA FALCATO (CORRUBEDO)- José Francisco Parente Martínez

Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez** en representación dos veciños da Rúa Falcato (Corrubedo), de data 21/06/2022 (Rexistro de entrada nº 11.911), no que solicita a regulación do tráfico na parte final da Rúa Falcato co fin de evitar problemas co tráfico rodado os fins de semana e tempada de verán.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á regulación dos estacionamentos na Rúa Falcato (Corrubedo) e á instalación dun sinal vertical de prohibido estacionar (R-308) na marxe dereita da rúa, co fin de aproveitar mellor o espazo dispoñible, segundo o sinalado no citado informe policial.

26.- INICIO ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE TEATRO NAS CATEGORIAS INFANTIL E XUVENIL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 05/07/2022, relativa ao inicio da Escola Infantil Municipal de Teatro nas categorías infantil e xuvenil, e na que expón:

“A concellería de Cultura de Ribeira ten interese en continuar o vindeiro curso coa Escola Municipal de Teatro na categoría infantil, dirixida a nenas e nenos de 7 a 12 anos de idade. Ademais, ante o interese amosado nos últimos tempos polas familias e para dar continuidade á formación recibida entre os participantes da categoría infantil; nesta ocasión quérese impulsar tamén unha categoría xuvenil, dirixida a mozos e mozas de 13 a 17 anos dado o interese e demanda que existe por parte da mocidade.

Esta actividade persegue, entre outros obxectivos, fomentar e potenciar a creatividade, favorecer a convivencia, a socialización e tamén estimular o interese pola nosa lingua e cultura, sendo unha oportunidade idónea para espertar nos máis cativos as súas aptitudes artísticas, creativas e sociais conseguindo coa educación teatral temperá maior capacidade de comunicación.

Co fin de poder abrir un período de preinscrición para esta actividade, propónse a aprobación dunha normativa de admisión así como do prezo público de matrícula que deberán aboar os participantes –a través da modalidade de autoliquidación- unha vez confirmada a súa reserva de praza correspondente, no período que se estableza e achegando a documentación requirida.

- **Calendario da escola na categoría infantil:**
 - Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2022 (previsiblemente o 22/09/22)
 - Data de remate: Primeira semana de xuño de 2023
 - Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
 - Horario: 18.30 a 20.00 horas; 1 día/semana (xoves)
 - Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
 - Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 7 e 12 anos.
- **Calendario da escola na categoría xuvenil:**
 - Data de inicio: Segunda quincena de setembro de 2022 (previsiblemente o 21/09/22)
 - Data de remate: Primeira semana de xuño de 2023



Lugar: Salón de Actos do Auditorio Municipal de Ribeira
Horario: 19.00 a 20.30 horas; 1 día/semana (mércores)
Prazas: 20 participantes máximo. Mínimo 10.
Idades: Ter cumpridos ao inicio da actividade entre 13 e 17 anos.

➤ Prezo:

O prezo a abonar polos participantes en ambas as dúas categorías será o establecido conforme as ORDENANZAS FISCAIS E REGULADORAS DE PREZOS PUBLICOS. C. Ordenanzas reguladoras de prezos públicos. C.2 ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS CULTURAIS. Escola Municipal de Teatro: a) Matrícula ordinaria: 127,92 €.

Ademais interesados en contribuír na diminución do esforzo que pode representar para familias incluídas dentro dos colectivos vulnerables para facilitar a participación nestas actividades, e de conformidade a Disposición Adicional da antedita ordenanza "Autorízase á Xunta de Goberno Local a modificar a contía do prezo público, regulada no artigo 3º desta Ordenanza" considérase que se debe aplicar unha bonificación e propónse a aplicación dun desconto do 20% sobre o importe de matrícula (resultando un prezo de 102,34€ para estes colectivos) aos fillos/as das familias que reúnan algunha das seguintes condicións ou circunstancias, e así o acrediten previamente mediante a aportación dos documentos pertinentes (non serán acumulativos no caso de darse máis dunha circunstancia):

- Familias que teñan a obtención do TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA.
- Familias acoledoras ou monoparentais que o acrediten documentalmente co certificado oficial.
- Familias con dous ou máis inscritos/as nesta actividade: o desconto aplicaríase na matrícula do segundo fillo/a e sucesivos.
- Familias nas que, ao menos, un dos seus membros sexa DESEMPREGADO/A DE LONGA DURACIÓN (que teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 365 días se fosen maiores de 25 e menores de 45 anos de idade, debendo presentar vida laboral e/ou certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego).
- Familias nas que o propio participante acredite unha DISCAPACIDADE DE AO MENOS O 33% (acreditando tal condición co certificado de discapacidade).

➤ Prazos de presentación de solicitudes:

Por conseguinte temos interese en abrir o prazo de matriculación en dúas quendas segundo o seguinte calendario:

- Do 11 ao 15 de xullo de 2022 para renovación dos alumnos/as do último curso (2021/2022) para categoría infantil.
- Do 18 de xullo ao 18 de agosto de 2022 para novas inscricións tanto na categoría infantil como xuvenil (só no caso de existir vacantes. No suposto de que a demanda supere as prazas libres, anunciarase na páxina web municipal a celebración dun sorteo público).

As solicitudes faranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Ribeira:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9.00 h. a 14.00 h.) presentando a ficha de inscrición cuberta, folla de autorización e a copia do DNI do participante e do pai/nai/titor.
- De forma telemática (necesario certificado dixital) a partir das 9:00 h a través da web www.ribeira.gal no seguinte apartado –SEDE ELECTRÓNICA- TRÁMITES DESTACADOS – SOLICITUDE XENÉRICA. Deberase tramitar a solicitude de carácter xeral e axuntar a ese procedemento a ficha de inscrición cuberta, folla de autorización asinada así como copia do DNI do participante e do pai/nai/titor.



As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro. A Concellería de Cultura contactará cos e coas solicitantes para comunicarlle a súa admisión e estes terán un prazo de 5 días hábiles para realizar a autoliquidación do prezo público a través de www.ribeira.gal.

Documentación OBRIGATORIA necesaria para a realizar a solicitude:

- Ficha de inscrición debidamente cuberta (Anexo I)
- DNI ou folla do libro de familia correspondente ao participante.
- DNI do pai/nai/titor responsable.
- Se ten dereito a bonificación do prezo da matrícula deberá presentar ademais copia da documentación acreditativa: título de familia numerosa, certificación de familia acolledora, certificación de discapacidade, certificación de monoparentalidade, acreditación de desemprego de longa duración, etc.

➤ Admisión de participantes con diversidade funcional:

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os seguintes requisitos:

- Facer constar a súa condición no impreso de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisara.
- Presentar o certificado oficial de grao de discapacidade no momento da solicitude e que no mesmo non se recolla a necesidade de axuda dunha terceira persoa.
- Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver.
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade.
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.

➤ Prazos e formas de pago:

As solicitudes atenderanse por orde de inscrición segundo número de rexistro. A Concellería de Cultura contactará cos e coas solicitantes para comunicarlle a súa admisión e estes terán un prazo de 5 días hábiles para realizar a autoliquidación do prezo público a través de www.ribeira.gal.

Polo tanto, o prazo para realizar o pago unha vez confirmada a praza por parte de Cultura será:

- Para renovacións: do 18 ao 22 de xullo
- Para novas inscricións: do 22 ao 31 de agosto

Para realizar a autoliquidación deberase entrar na web municipal www.ribeira.gal, no apartado SEDE ELECTRÓNICA-TRAMITES DESTACADOS- AUTOLIQUIDACIÓN, e cubrir os datos que se requiren para o "PREZO PÚBLICO ACTIVIDADES CULTURAIS" seleccionando os apartados "TEATRO – MATRÍCULA ORDINARIA", bonificación SI ou NON. O pago poderá facerse directamente a través da opción PAGAR ONLINE ou IMPRIMIR RECIBO e facer o pago na sucursal bancaria ou no seu caixeiro. Unha vez realizado o pago deberase enviar copia do xustificante ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1. Convocar unha nova edición da Escola Infantil Municipal de Teatro nas categorías infantil e xuvenil.
2. Aprobado os prazos de preinscrición e matrícula, que constan na citada proposta.
3. Aprobado a normativa de admisión e dos prezos públicos indicados na citada proposta.



27.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Antonio Manuel Santiago Fernández

Visto o escrito presentado por **Antonio Manuel Santiago Fernández s** (Titular), de data 05/07/2022 (Rexistro de entrada nº 12.837), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Recorte de cornixas e colocación de lápidas) nas furnas nº 504 e 505 do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a **Antonio Manuel Santiago Fernández** á realización de obras de acondicionamento (Recorte de cornixas e colocación de lápidas) nas furnas nº 504 e 505 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

28.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA (CORRECCIÓN HORARIOS) – José Francisco Monteagudo Monteagudo

VISTO o escrito presentado por **José Francisco Monteagudo Monteagudo**, de data 05/07/2022 (Rexistro de entrada nº 12.869), nos que solicita autorización (cambio de horario e celebración dun terceiro concerto) para amenizar os establecementos hostaleiros “**Illa de Monteagudo**” e “**Faro de Sálvora**”, situados no Lugar de Porto (Aguíño), cun concerto en directo o día 9 de xullo de 2022, de 22:00 h. a 00:00 h., o día 10 de xullo, de 00:00 h. a 01:00 h., así como outro concerto en directo o día 30 de xullo de 2022, de 13:00 h. a 16:00 h.

PRIMEIRO.- CONCEDER AUTORIZACIÓN a **José Francisco Monteagudo Monteagudo** para amenizar os establecementos hostaleiros “**Illa de Monteagudo**” e “**Faro de Sálvora**”, situados no Lugar de Porto (Aguíño), cun concerto en directo o día 9 de xullo de 2022, de 22:00 h. a 00:00 h., así como outro concerto en directo o día 30 de xullo de 2022, de 13:00 h. a 16:00 h.

DENEGAR AUTORIZACIÓN a **José Francisco Monteagudo Monteagudo** para amenizar os establecementos hostaleiros “**Illa de Monteagudo**” e “**Faro de Sálvora**”, situados no Lugar de Porto (Aguíño), para a celebración dun concerto en directo o día 10 de xullo de 2022, de 00:00 h. a 01:00 h., debido a que o horario límite para tal evento é as 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **solicitante (José Francisco Monteagudo Monteagudo)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

29.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Sonia María Vidal Queiruga

VISTO o escrito presentado por **Sonia María Vidal Queiruga**, de data 04/07/2022 (Registro de entrada nº 12.758), nos que solicita autorización para amenizar os establecementos hostaleiros **“Café Bar Retablo” (Terraza) e “Café Bar Enigma” (Interior)**, situados na Praza de Pontevedra e Rúa Manzanares (Ribeira), con concertos en directo todos os días dos meses de xullo e agosto de 2022, de 21:00 h. a 00:00 h. (Café Bar Retablo), e de de 21:00 h. a 00:30 h. (Café Bar Enigma).

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Sonia María Vidal Queiruga para amenizar os establecementos hostaleiros “Café Bar Retablo” (Terraza) e “Café Bar Enigma” (Interior), situados na Praza de Pontevedra e Rúa Manzanares (Ribeira), con concertos en directo todos os días dos meses de xullo e agosto de 2022, de 21:00 h. a 00:00 h. (Café Bar Retablo), e de de 21:00 h. a 00:00 h. (Café Bar Enigma).

O horario para este tipo de eventos queda limitado ás 00:00 horas.

SEGUNDO.- Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a solicitante (Sonia María Vidal Queiruga), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente*



exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



30.- AUTORIZACIÓN PARA COLOCACIÓN DE PANCARTAS CO MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FESTA DO MEXILLÓN DE AGUIÑO – A.C. “O Serriño os mellores de Aguiño”

Visto o escrito presentado por Raul Santos Sampedro –Manuel Parada Prado, en representación da **A.C. “O Serriño os mellores de Aguiño”**, de data 01/07/2022 (Registro de entrada nº 12.691), no que solicita autorización para colocar catro pancartas da Festa do Mexillón de Aguiño, a instalar en Rotonda de Xarás, Rotonda de Coroso, entrada a Aguiño pola Rúa Sálvora e na entrada da zona portuaria de Aguiño.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- **Autorizar** a instalación de catro pancartas da Festa do Mexillón de Aguiño, a instalar en Rotonda de Xarás, Rotonda de Coroso, entrada a Aguiño pola Rúa Sálvora e na entrada da zona portuaria de Aguiño, sen prexuízo de posibles autorizacións doutras administracións.
- As pancartas deberán ser retiradas unha vez rematado o evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

